

INSTRUCCIÓN PARA ENCHER A SOLICITUDE DE PRESTACIÓN POR RISCO LABORAL POR EMBARAZO OU LACTACIÓN NATURAL

- Encha a solicitude cunha letra clara e, se é posible, en MAIÚSCULAS.
- A ausencia de datos e información nos documentos que se achegan poderá precisar a rectificación por parte da traballadora e a tramitación da solicitude quedará paralizada ata que non se acheguen as indicacións requiridas.
- Se ten calquera dúbida cando encha a solicitude, pídalle axuda ao Departamento de Prestacións de Ibermutua.

Documentación requirida coa presente solicitude (1.ª fase):

- Fotocopia do NIE – NIF – pasaporte.
- No caso das traballadoras en situación de embarazo, informe médico do facultativo do Servizo Público de Saúde que acredite a data probable do parto (modelo CP- REL- F6).
- No caso das traballadoras en situación de lactación natural, informe médico do facultativo do Servizo Público de Saúde que acredite a data do parto e da lactación natural (modelo CP- REL- F6).
- Solicitude de certificación médica sobre a existencia de riscos laborais durante o embarazo ou a lactación natural (modelo CP- REL- F1).
- Avaliación de riscos laborais no posto de traballo, que poderá proporcionar a súa empresa (disposición adicional segunda do Real Decreto 295/2009, do 6 de marzo, e artigo 16.2 da Lei de Prevención de Riscos Laborais).
- Declaración empresarial sobre a exposición a riscos laborais durante o embarazo ou a lactación natural (modelo CP- REL- F2) no posto de traballo ocupado pola traballadora embarazada. Este modelo complementa o documento de Avaliación de Riscos Laborais ou substitúeo, se é o caso, cando a empresa careza do Servizo de Prevención.